

- **Presentación.:**

Comezamos esta actividade o día 17 de marzo despois de varios retrasos motivados de xeito especial polo remate da unidade anterior da programación do curso. Logo tamén tivemos unha semana de “descanso” antes de Semana Santa para facer exames e recuperacións da materia dada cara á segunda avaliación.

Na primeira clase, empregando o canón e o portátil da aula de tecnoloxía ensineilles o funcionamento básico das escenas Newton e expliqueilles a forma de acceder á unidade preparada e xa cargada anteriormente nos equipos da aula.

A idea inicial era que traballasen de xeito individual pero logo e xa que algún equipo amosaba problemas de funcionamento e algún alumno tiña “medo” de non saber como seguir a unidade decidimos que todos traballarían de xeito individual a excepción de catro alumnos que o farían por parella. De este xeito 10 alumn@s traballaron sós e 4 por parella.

- **Metodoloxía:**

Como metodoloxía para esta experimentación fixen un intento de fomentar a competencia de “aprender a aprender” fomentando que traballasen por si sós, con un guiión xa preparado e que lles permitise ir avanzando por sí mesmos e cada un ao seu ritmo. Isto pode parecer moi arriscado tendo en conta a tendencia xeral do alumno a dispersar a súa atención pero com un suplemento de traballo de supervisión a cousa foi moi bem, en liñas xerais.

- En cada ordenador tiñan instalada a unidade didáctica a traballar e a folla-guiión que debían seguir.
- Deilles un cd no cal levaron para a casa a mesma unidade para poder traballar tamén na casa.
- Teñen que ir anotando a teoría no caderno e cubrindo unha axenda diario que logo me suben a un grupo de traballo creado a tal efecto en googlegroups. Esto facilita a labor de seguimento do seu traballo.
- Todas aquelas dúbidas que se lles plantexan teñen que enviarllas ao profesor na axenda-diario para poder respostalas e traballas nas clases normais e sen ordenador, os venres.
- Cada alumno pode ir ao seu ritmo; isto obriga ao profesor a traballar mais xa que na mesma hora debe enfrentarse e solucionar dúbidas de diferentes partes do tema.
- Os exercicios a maiores e a resolución das dúbidas faise os venres, como xa comentei antes.
- Aqueles alumn@s que polas suas características e capacidades vaian mais rápido teñen tamén actividades de ampliación contempladas na unidade.

• **Diario de clases: desenrolo da actividade.**

- Aos alumnos facilitouse-lles unha axenda diario que ian cubrindo despois de cada clase e tamén desde a casa na cal comentaban os seguintes puntos:
 - Avance diario: puntos tratados cada día.
 - Dúbdas que se lles plantexan sobre a materia tratada.
 - Dificultades atopadas, especialmente de tipo técnico, fallos das escenas ou calquer outro tipo de atranco que lles dificulte o avance na unidade.
 - Observacións: que lles pareceu a materia vista ese día, as escenas, o seu interese por unha ou outra parte,...
- Todos os venres e despois de revisar o material recibido viamos as dificultades atopadas, explicaba aquelas dúbdas que se plantexaban e fixemos problemas da unidade.
- A programación de actividades foi a seguinte.:

DATA	AULA	ACTIVIDADE PROGRAMADA. Unidade "FLUIDOS"
17-03-09	TECNOLOXÍA	Presentación da unidade
19-03-09	TECNOLOXÍA	Enquisa inicial e parte 1: Presión:unidades
20-03-09	AULA 4ºESO A	Exercicios, explicacións e resolución de dúbdas
24-03-09	TECNOLOXÍA	Parte 2: Presión hidrostática
26-03-09	TECNOLOXÍA	Parte 3 e 4: Ec. Fundamental da hidrostática e aplicacións
27-03-09	AULA 4ºESO A	Exercicios, explicacións e resolución de dúbdas
14-04-09	TECNOLOXÍA	Parte 5: Principio de arquímedes
16-04-09	TECNOLOXÍA	Parte 6: Consecuencias do principio de Arquímedes
17-04-09	AULA 4ºESO A	Exercicios, explicacións e resolución de dúbdas
21-04-09	TECNOLOXÍA	Parte 7 e 8: Principio de Pascal e Prensa Hidráulica
23-04-09	TECNOLOXÍA	Parte 9: Presión atmosférica. Torricelli
24-04-09	AULA 4ºESO A	Exercicios, explicacións e resolución de dúbdas
28-04-09	TECNOLOXÍA	Remate de actividades pendentes e exercicios
30-04-09	TECNOLOXÍA	Enquisa final e resolución de dúbdas
03-05-09	AULA 4ºESO A	EXAME DA UNIDADE

- **Observacións do profesor:**

- O funcionamento a nivel técnico e organizativo da actividade foi moi boa. O único pero foi que a actividade prolongouse mais alá do previsto xa que perdemos varias clases por actividades extraescolares: o martes 21 de Abril tiveron unha charla, o xoves 23 de abril tivemos actos do día do libro, e o venres 3 de Maio tiveron unha saída por unha competición de “deporte escolar”. Por todo isto a actividade prolongouse unha semana e o exame fixémoslo o martes 12 de Maio.
- A participación e interese dos alumn@s foi espectacular, salvando algún caso aillado que puxo pegas desde o principio, pero que tamén as pon nas clases normais.
- A programación anterior foi a xeito de “declaración de intencións”: O desenrolo da actividade foi desigual. Un alumno rematou en Semana Santa e logo fixo as actividades de ampliación e incluso tivo tempo de axudarlle aos compañeiros. Outras dúas alumnas remataron tamén com moita antelación e algún caso tiveron que decirlle que rematase na casa porque non aproveitaba o tempo na aula ou tiña moitas dúbidas, pero estes foron os menos.
- O traballo individual que estaba previsto inicialmente, ao final trocou en un traballo colaborativo entre os alumnos: aqueles que ían mais adiantados e non tiñan dúbidas eran utilizados polos seus compañeiros para axudarlles.
- O exame correxido e as notas do mesmo colgueillas onte en internet.
- A imaxe final da actividade parece que foi moi positiva (non vou a comentar a enquisa aquí, deixo a para a memoria final), e resultou moi satisfactorio especialmente pola posibilidade de atender a diferentes velocidades de aprendizaxe.